

MARÍA TERESA MIRAS PORTUGAL

NEUROQUÍMICA. 1.^a MULLER QUE PRESIDE UNHA REAL ACADEMIA EN ESPAÑA

O Carballiño, 1948 - Madrid, 2021

María Teresa Miras Portugal nace no Carballiño en 1948, apenas unhas semanas despois de que tres físicos norteamericanos patentasen o primeiro transistor de puntas de contacto da historia. O seu futuro tamén estará ligado á investigación científica, pero irá por outros camiños.

Apaixonada desde pequena polo mundo animal e a natureza, María Teresa estuda os primeiros cursos de Farmacia na Universidade de Santiago, e con 23 anos remata a carreira na Complutense de Madrid e recibe o Premio Extraordinario e o Premio Nacional da Licenciatura.

En 1975, comezou a súa carreira científica no Centro de Neuroquímica da universidade francesa de Estrasburgo, onde obtivo o doutoramento Sciences e onde, segundo as súas propias palabras, o destino a colocou nun lugar «máis estimulante, máis creativo».

No mesmo ano doutorouse tamén pola Universidade Complutense de Madrid, na que chegaría a ser catedrática de Bioquímica e directora do departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da Facultade de Veterinaria, cátedra que tamén ocupou na Facultade de Ciencias da Universidade de Murcia, entre 1982 e 1986.


A súa actividade investigadora desenvolveuse no ámbito das neurociencias e prolongouse durante máis de 40 anos. Neste tempo, María Teresa publicou máis de 300 artigos en revistas científicas, dirixiu teses e formou a centos de investigadoras e investigadores.

Entre 2007 e 2013 presidiu a Real Academia Nacional de Farmacia, e pasou a ser a primeira muller á fronte dunha Real Academia en España. En 2012 o Consello de Ministros nomeouna presidenta do Comité de Expertos para o estudo de reformas nas universidades españolas.

As súas extraordinarias traxectoria e achegas científicas foron recoñecidas con numerosos premios en toda España. En Galicia foi declarada Galega Destacada en 2007; en 2008 recibiu o Premio María Josefa Wonenburger Planells, e en 2016, a máxima distinción do país, a Medalla Castelao da Xunta de Galicia.

Trala súa xubilación, foi nomeada profesora emérita do departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da Universidade Complutense. Morreu o 27 de maio de 2021, mentres rematabamos a edición deste libro.

GALEGAS NA CIENCIA



ISABEL BLANCO

Ilustracións de MARÍA LAPIDO

Belagua